

Opción A

1. O enunciado refírese á situación tensa que creou Dian Fossey intentando” manipular” o “reculturizar” aos indíxenas con respecto ás súas actuacións cos gorilas. É fráxil porque nun contexto violento e tribal non é complicado o desenlace que tivo lugar.

2. **De carácter forte:** ter unha forma de ser con moita personalidade, inquebrantable e ata poderíamos entender con tendencia ao reproche.

Caza furtiva: matanza de animais fóra dos límites legais.

Xente esfameada: poboación que por diversos motivos non ten de comer e pasa necesidades alimenticias.

Superstición: crenza sen fundamento racional de ningún tipo e moi arraigada polo xeral en certos sectores ou certas poboacións.

Animista: coa crenza en espíritos, reencarnacións e vida no máis alá.

3. Libre

4. a) No sería necesario neste caso xa que non hai lugar á confusión entre o suxeito e o CD (entre outras cousas porque o suxeito refírese a unha persoa)

b) No primeiro caso non xa que podería levar á confusión entre Suxeito e CD e ademais temos o pronome **aquel**. No segundo caso tampouco, xa que é CI e a proposición e obrigatoria.

5.

Dian Fossey: suxeito (SN). O resto predicado.

En ocasións: CCT, SP

Combateu: núcleo do predicado

Esta práctica: CD, SN

Xogando coa superstición dos indíxenas: oración subordinada adverbial de modo: todo predicado

Xogando: núcleo do predicado

Coa superstición dos indíxenas: CCI/CCM, SP

Opción B

1. As dúas afirmacións refírense ao feito de que tanto o poder como os cartos están, desgraciadamente, por riba de todo o resto dos valores éticos, legais, morais, etc. Alguén con gran poder non ten que dar escusas sobre os seus actos e quen ten moitos cartos é superior ao resto neste mesmo senso: facer o que lle veña en gana.

2.

Premonitoriamente: con anticipación aos feitos incluso sen que nada apunte a eles.

Falanguero: que fala moito sen dicir nada moi proveitoso ou di o que quere oír, para agradar, a súa posible audiencia.

Limpeza étnica: matanza ou expulsión de certas razas ou etnias só polo feito de pertencer a elas.

Orzamento militar: cartos destinados aos gastos de defensa ou do exército.

3. Libre

4. O primeiro é conxunción completiva que introduce unha subordinada substantiva de CD (non o sei)

O segundo é ,de novo, conxunción e introduce unha subordinada adverbial condicional (bipolar CONTE)

O terceiro é un indicador de impersoal pasiva (pasiva reflexa).

5.

Son abertas: *serio, cómico, retórico, mulleres.*

Son pechadas: *chinés, teren e persoa.*